

orgullo

Campaña Tempada 2025/2026



ANCA



Estrella Galicia

//ABANCA

@RCCelta



//ABANCA



hummel

TRADICIÓN




Condicións sobre o abono

Que inclúe o teu carné?



Co teu abono da tempada 2025/2026, ademais de ter dereito a asistir aos partidos de LaLiga e da Copa del Rey do primeiro equipo en Abanca Balaídos, tamén gozarás destas vantaxes:

- ✓  **Butaca asignada para os partidos do primeiro equipo en Abanca Balaídos***
- ✓  **Número de socio e antigüidade**
- ✓  **Desconto do 10% en tendas oficiais do RC Celta****
- ✓  **Desconto en Museo, Experiencias e Tour Abanca Balaídos**
- ✓  **Descontos en Escolas Fundación, Campus e Clínicas**
- ✓  **Acceso ao proceso de compra de entradas para partidos de visitante*****
- ✓  **Prioridade e/ou desconto na compra de entradas*****
- ✓  **Acceso aos partidos do Celta Fortuna******
- ✓  **Acceso aos partidos de As Celtas******
- ✓  **Acceso aos partidos do Celta Femxa Zorka******
- ✓  **Vantaxes de patrocinadores**

*Acceso aos partidos de competición europea suxeito ao pago do suplemento.

**Agás para produtos en promoción e non acumulable con outros descontos.

***LaLiga, Copa del Rey e Europa League.

****Ata completar capacidade destinada a Carné Celtista.



Condições sobre o abono


Se non podes asistir, que outro celtista ocupe o teu lugar



Nesta tempada, se non podes asistir a algún partido en Abanca Balaídos, tes máis opcións:

- 1. Cede o teu abono ao club para un partido.** No caso de que a túa entrada se venda, poderás obter unha bonificación do 40 % sobre o prezo da entrada vendida, que se descontará do importe do teu abono da próxima tempada, ata un máximo do 50 % do prezo total.
Para máis información, visita o apartado de “Dúvidas Frecuentes”.
- 2. Converte o teu carné intransferible en transferible durante toda a tempada.** Podes cambiar a categoría do teu carné a adulto pagando a diferenza correspondente. Deste xeito, poderá utilizalo calquera persoa. Se estás interesado, escribe un correo a abonados@rccelta.es **do 10 ao 13 de xuño** solicitando o cambio antes de realizar a renovación.
- 3. Converte o teu carné intransferible en transferible para un só partido.** Esta tempada, como novidade, poderás facelo de forma puntual, pagando un suplemento en función da túa categoría e a ubicación do teu abono, a través do Portal do Celtista, ata 24 horas antes do inicio do partido.

Importante: as opcións 2 e 3 non estarán dispoñibles para os carnés da zona de Marcador Baixo.



Como podo acceder ao estadio?



Co carné físico ou co carné dixital

Esta tempada poderás acceder ao estadio de dúas maneiras: **co carné físico**, que recibirás na túa casa, o cal incorpora un chip de proximidade para facilitar o acceso polos tornos, ou **co carné dixital, QR ou NFC** dispoñibles na nosa APP ou a través do Portal do Celtista na web oficial.

Queremos seguir modernizando e facilitando a relación entre o celtismo e o club, facendo que cada proceso sexa máis sinxelo. O carné dixital non só mellora a experiencia de acceso aos partidos, senón que tamén resolve incidencias habituais como perdas, desgastes ou roubos, especialmente nos días de partido.

Lembrámosche que, se é necesario, actualices o teu enderezo postal no apartado de datos persoais do Portal do Celtista, para poder recibir correctamente o teu carné na casa.




Prezos do abono



Para esta nova tempada 2025/2026, os prezos dos carnés actualizaranse ao redor dun 3 %, mantendo a reestruturación realizada na pasada campaña.

Os abonados da bancada de Gol, que foron trasladados de forma temporal, renovarán co mesmo prezo que os de Marcador Alto. Pola súa banda, as persoas reubicadas de maneira definitiva pasarán a abonar o importe correspondente á súa nova localidade.



TEMPADA 2025/2026	ADULTO (TRANSFERIBLE)	MAIORES 65 (35% DTO.) *	SUB 30 (40% DTO.) *	SUB 25 (55% DTO.) *	SUB 15 (70% DTO.) *	INFANTIL
TRIBUNA ALTA CENTRAL	750 €	487 €	450 €	338 €	225 €	52 €
TRIBUNA ALTA ÁREA	714 €	464 €	428 €	321 €	214 €	52 €
TRIBUNA BAIXA CENTRAL	567 €	369 €	340 €	255 €	170 €	52 €
TRIBUNA BAIXA ÁREA	546 €	355 €	328 €	246 €	164 €	52 €
RÍO BAI XO CENTRAL	546 €	355 €	328 €	246 €	164 €	52 €
RÍO BAI XO ÁREA	527 €	343 €	316 €	237 €	159 €	52 €
RÍO ALTO CENTRAL	489 €	318 €	294 €	220 €	147 €	52 €
RÍO ALTO ÁREA	474 €	308 €	284 €	213 €	142 €	52 €
MARCADOR ALTO	355 €	231 €	213 €	160 €	107 €	52 €
GOL	355 €	231 €	213 €	160 €	107 €	52 €
MARCADOR BAI XO	258 €			144 €		

*O desconto de cada categoría é sobre o prezo do adulto, xa aplicado nos prezos.

A renovación/alta do abono supón a aceptación da normativa do RC Celta na tempada futbolística que comprende do 1 de xullo ao 30 de xuño do ano seguinte.



A que categoría pertenzo?



- ✚ Maior de 65: nados antes do 31/07/1960
- ✚ Adulto: nados entre 01/08/1960 e 31/07/1994
- ✚ Sub 30: nados entre 01/08/1994 e 31/07/1999
- ✚ Sub 25: nados entre 01/08/1999 e 31/07/2009
- ✚ Sub 15*: nados entre 01/08/2009 e 31/07/2017
- ✚ Infantil*: nados entre 01/08/2017 e 31/07/2020
- ✚ Miudiños*: nados a partir do 01/08/2020

*Non poderá haber menores de 14 anos abonados sen un adulto asociado.

Os menores de 16 anos deberán ir acompañados dun adulto ou cunha autorización.



Formas de pago

Disporás de tres modalidades de pago diferentes:

- ✚ Con **tarxeta de crédito/débito**, a través do Portal do Celtista.
- ✚ **Domiciliación bancaria:**
O recibo cargarse entre o 1 e o 5 de xullo.
- ✚ **Pago a prazos con domiciliación:**
O pagamento realizarase en catro cotas (xullo, setembro, outubro e novembro). Os recibos cargaranse durante os 5 primeiros días de cada mes. Esta modalidade ofrécese sen intereses, pero leva un gasto de xestión do 5 % sobre o prezo do abono.

Esta tempada tes que confirmar a túa domiciliación no Portal do Celtista.

Ademais, se queres cambiar de pago aprazado a un único pago, poderás elixilo no Portal do Celtista ou contactar mediante correo electrónico con abonados@rccelta.es e solicitar o cambio.



Europa League

Suplemento Europa League, para gozar de todos os partidos a vindeira tempada

Volven as noites europeas a Abanca Balaídos. Se non te queres perder ningún encontro do noso equipo na próxima edición de Europa League, tes a opción de ampliar o teu abono de LaLiga + Copa del Rey a un abono total con Europa League, abonando un suplemento.

Se decides adquirir **o suplemento** para competición europea, este **inclúe un mínimo de 4 partidos**, xa que che dá dereito a asistir aos encontros da fase de grupos e a **todas as posibles eliminatorias que se disputen en Abanca Balaídos**.

O suplemento terá un custo único equivalente ao 20 % da cota base do teu abono, segundo a túa categoría e zona, e non se aplicarán descontos.

Como solicitalo?

Ao renovar o teu abono de LaLiga + Copa del Rey, deberás indicar no Portal do Celtista se queres engadir este suplemento. **É importante facelo entre o 10 e o 19 de xuño**, xa que, se non o solicitas dentro deste prazo, entenderemos que non desexas incluír os partidos da Europa League no teu abono.



Europa League

Prezos do suplemento



TEMPADA 2025/2026	ADULTO (TRANSFERIBLE)	MAIORES 65 (35% DTO.)*	SUB 30 (40% DTO.)*	SUB 25 (55% DTO.)*	SUB 15 (70% DTO.)*	INFANTIL
TRIBUNA ALTA CENTRAL	150 €	97 €	90 €	67 €	45 €	10 €
TRIBUNA ALTA ÁREA	142 €	92 €	85 €	64 €	42 €	10 €
TRIBUNA BAIXA CENTRAL	113 €	73 €	68 €	51 €	34 €	10 €
TRIBUNA BAIXA ÁREA	109 €	71 €	65 €	49 €	32 €	10 €
RÍO BAIXO CENTRAL	109 €	71 €	65 €	49 €	32 €	10 €
RÍO BAIXO ÁREA	105 €	68 €	63 €	47 €	31 €	10 €
RÍO ALTO CENTRAL	97 €	63 €	58 €	44 €	29 €	10 €
RÍO ALTO ÁREA	94 €	61 €	56 €	42 €	28 €	10 €
MARCADOR ALTO	71 €	46 €	42 €	32 €	21 €	10 €
GOL	71 €	46 €	42 €	32 €	21 €	10 €
MARCADOR BAIXO	51 €			28 €		

*O desconto de cada categoría é sobre o prezo do adulto, xa aplicado nos prezos.

Cando e como se paga?

O prazo para realizar o pagamento do suplemento será do **1 ao 7 de agosto**.

- ✚ Se tes a renovación domiciliada, o recibo cargarse automaticamente na túa conta bancaria na data indicada.
- ✚ Se non tes domiciliación, deberás acceder ao Portal do Celtista e efectuar o pago dentro das datas establecidas.

O pagamento é voluntario, pero debe realizarse obrigatoriamente dentro do prazo indicado. Unha vez rematado, non será posible adquirir o suplemento nin acceder aos partidos europeos co carné habitual, e a túa butaca será liberada para a Europa League.

Importante: debido á participación do RC Celta en competicións europeas e ao cumprimento dos protocolos e esixencias da UEFA, determinadas zonas do estadio poderán verse afectadas. Por este motivo, algunhas persoas abonadas poderán ser reubicadas de maneira puntual ou durante toda a competición da Europa League en Abanca Balaídos. O club contactará con estes abonados chegado o momento.



Calendario da campaña



XUÑO

L	M	M	X	V	S	D
26	27	28	29	30	31	1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	1	2	3	4	5	6

XULLO

L	M	M	X	V	S	D
30	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31	1	2	3

AGOSTO

L	M	M	X	V	S	D
28	29	30	31	1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

RENOVACIÓN E CONFIRMACIÓN DO SUPLEMENTO DE EUROPA

Do 10 ao 19 de xuño

Renovacións a través do Portal do Celtista, elixindo a modalidade de pago preferida e podendo solicitar o cambio de asento ou de bancada mediante a plataforma en liña (de maneira individual ou en grupo). Este ano terás tamén a opción de, se non podes renovar o teu carné celtista abonado, solicitar a renovación como carné celtista nas 3 modalidades dispoñibles: Celtista, As Celtas ou Colaborador. Lembra que se escolles esta opción terás todas as vantaxes, a excepción da túa butaca en Abanca Balaídos.

Se queres modificar os teus datos, actualizar o enderezo ou revisar calquera outra información do teu perfil de abonado, esta é unha boa ocasión para facelo. É imprescindible verificar todos os datos no apartado de información persoal. Se vas renovar en familia, lembra agrupar a todos os membros para facer o proceso de maneira conxunta. Ademais, o club poñerá á túa disposición atención presencial nos despachos de billetes de Abanca Balaídos no caso de que non poidas realizar as xestións en liña.

Neste período, deberás indicar se queres adquirir o suplemento da Europa League.

CAMBIO DE ASENTOS/BANCADA

Do 24 ao 27 de xuño

Os cambios de asento realizaranse de forma en liña ou por vía telefónica, segundo o caso. Para establecer certa prioridade nos cambios solicitados durante o período de renovación, terase en conta a **media de antigüidade** do grupo ou a antigüidade individual, dependendo de como fose feita a solicitude. Lembra que se es reubicado de Gol temporal, non poderás facer ningún cambio. No caso de facer un cambio a unha bancada de menor importe, a devolución da parte proporcional farase ao longo do mes de setembro.

Unha vez confirmado o cambio de asento, **non será posible recuperar o anterior.**



Calendario da campaña



COBRO DOS RECIBOS

Do 1 ao 5 de xullo

Durante estas datas comezarán a cobrarse os recibos dos carnés domiciliados. Se tes o pagamento nun só prazo, cargarase o importe completo neste período. No caso dos pagos aprazados, realizarase o cobro da primeira cota.

As tres cotas restantes cargaranse nos primeiros cinco días de cada mes (setembro, outubro e novembro). Lembra que terás que confirmar o pago domiciliado.

No caso do pago aprazado, no mes de agosto non se cobrará a cota do abono, só o suplemento no caso de escollelo.

NOVAS ALTAS

Do 1 ao 4 de xullo

Nesta tempada, terán acceso prioritario ao proceso de alta aquelas persoas da lista de espera por orden de antigüidade do carné celtista ata cubrir a capacidade dispoñible.

Se contactará vía telefónica ou por correo electrónico a todas as persoas que teñan opción de escoller unha localidade dispoñible, xunto coas instrucións para formalizar a alta.

PAGO DO SUPLEMENTO

Do 1 ao 7 de agosto

Se na renovación elixiches pagar o suplemento de competición europea, terás de prazo do 1 ao 7 de agosto para abonar o suplemento correspondente ao 20 % da cota total do teu abono (sen aplicar descontos).

Se tes a domiciliación bancaria na renovación, cargarase o recibo automaticamente. Este importe será necesario para garantir o teu acceso aos partidos de competición europea que se disputen en Abanca Balaídos, de non abonarse este suplemento, a túa butaca será liberada para a Europa League.

Por esixencias ou necesidades da competición, algúns abonados poderán ser cambiados de localización noutras zonas do estadio. O club contactará cos abonados chegado o momento.



Información Novas Altas



Como solicitar unha nova alta?

Para esta tempada 25/26, está activa unha nova lista de espera, exclusiva para persoas que contan co Carné Celtista, en calquera das súas modalidades.

A orde de acceso a un posible carné de abonado establecerase segundo a antigüidade no Carné Celtista, e as novas altas só se realizarán no caso de existir dispoñibilidade de capacidade, tendo en conta as obras na bancada de Gol e o cambio de localización dos abonados desa zona.

Para poder facer a túa alta no momento que che toque, deberás ter o Carné Celtista ao corrente de pago e renovado. O importe deste descontarase do abono no momento do pago. No caso de ter que facer unha devolución, realizarase ao longo do mes de setembro.



Dúbdas frecuentes

Aínda tes dúbdas? Resolvémoschas!



Onde debo tramitar a miña renovación?

A través do Portal do Celtista (antes coñecido como Portal do Abonado), poderás realizar en liña todos os trámites relacionados co teu día a día como socio do RC Celta.

celtistas.rccelta.es

Nesta plataforma poderás renovar o teu abono, actualizar os teus datos persoais, solicitar o cambio de asiento ou bancada, comprar entradas para partidos fóra de casa, ceder o teu asiento e acceder a máis funcionalidades útiles.

Ademais, o club tamén che ofrece a posibilidade de facer a túa renovación de forma presencial nos despachos de billetes de Abanca Balaídos, exclusivamente para aquelas persoas que necesiten unha atención máis personalizada.

Para acceder ao Portal do Celtista necesitarás:

- ✚ O teu **ID de celtista** (que atoparás no dorso do carné da tempada 24/25).
- ✚ **PIN** (as 4 últimas cifras do teu DNI).
- ✚ O teu **DNI ou a data de nacemento**. No caso de non ter DNI rexistrado (por exemplo, menores de idade), o PIN será 1111 e o acceso farase coa data de nacemento.





Dúbidas frecuentes

Suplemento Europa League

Se decides adquirir o suplemento para competición europea, este incluírá os partidos da fase de grupos e as posibles eliminatorias que se disputen en Abanca Balaídos.

O suplemento terá un custo único equivalente ao 20 % da cota base do abono (correspondente a túa categoría e zona), sen aplicar descontos. Deberá abonarse **do 1 ao 7 de agosto** e no caso de que teñas domiciliada a renovación, o suplemento irá por conta bancaria. Se non o tes, terás que acceder ao **Portal do Celtista** e facer o pago na data sinalada.

O pago é voluntario, pero deberá realizarse dentro do prazo indicado. Unha vez finalizado, non será posible adquirilo nin acceder aos partidos europeos co carné de abonado habitual se non se activou o suplemento nese período de tempo.

Cambios de asento en Europa League

Con motivo da participación do RC Celta en competicións europeas, e seguindo o protocolo establecido pola UEFA, determinadas zonas do estadio poderán verse afectadas.

Polo tanto, en cumprimento dos requisitos e esixencias establecidos pola UEFA para a celebración destes encontros, algúns abonados poderán ser cambiados de localización durante os partidos europeos que se disputen en Abanca Balaídos.

Desde o club faremos todo o posible para minimizar molestias e garantir que todos poidan seguir gozando dunha boa experiencia nas noites europeas.



Dúbidas frecuentes

Abonados de Gol

Os abonados da bancada de Gol que xa escolleron durante a tempada se preferían un cambio de localización temporal ou un cambio definitivo, renovarán da seguinte maneira:

Quen optou polo cambio de localización temporal, renovará agora na localización asignada polo club, mantendo o prezo correspondente á bancada de Marcador Alto, independentemente da súa ubicación provisional. Estes abonados non poderán solicitar un cambio de ubicación.

Quen escolleu o cambio definitivo, xa renovará directamente na súa nova bancada e co prezo que lle corresponda segundo a súa categoría e a zona elixida.

Como podo renovar os abonos do meu núcleo familiar?

Igual ca o ano pasado, a través do Portal do Celtista poderás renovar o carné doutros abonados na mesma operación, simplificando así os trámites que tes que realizar.

O meu fillo/a ten abono Miudiño. Debo realizar algún trámite?

Os Miudiños nados a partir do 01/08/2020 manteñen o seu carné gratuito e a renovación farase de forma automática. O carné chegará ao domicilio, polo que non será necesario realizar ningunha xestión.

Se o teu fillo/a cumpre 5 anos nesta tempada (nados antes do 31/07/2020), pasa á categoría menor de 8. Para a próxima campaña, dada a reducida capacidade polas obras da bancada de Gol, a asignación de butacas en Abanca Balaídos será por estricto orde de antigüidade. Polo que, todos aqueles miudiños interesados en adquirir unha butaca, terán que inscribirse na lista de espera. No caso de que non queira ser celtista abonado, poderá pasar a carné celtista, mantendo a súa antigüidade. Debe solicitalo por correo electrónico en abonados@rccelta.es entre o 10 e o 19 de xuño.



Dúbdas frecuentes

Cando recibirei o meu carné da tempada 25/26?

Nas semanas posteriores á renovación, enviarase ao teu domicilio o carné correspondente a esta tempada. Podes confirmar ou actualizar a túa dirección no Portal do Celtista.

Os envíos dos carnés renovados por domiciliación bancaria ou a prazos realizaranse unha vez cobrado o recibo. No caso de ter solicitado un cambio de asiento ou de bancada, o carné enviarase unha vez finalizado o proceso.

Se teño algún desconto, teño que solicitalo?

Nesta campaña de renovación poderás gozar de novo dos descontos de accionista, familiar ou diversidade funcional (acreditando unha discapacidade mínima do 65 %). Só poderán acceder a estes descontos aquelas renovacións que continúen cumprindo cos requisitos establecidos.

No caso do **accionista, só se aplicará aos que xa o tiñan nas tempadas anteriores**. Será de maneira automática sobre a cota, polo que xa estará incluído no momento de realizar a renovación.

Só poderán beneficiarse do desconto familiar aquelas **familias que xa o tiñan anteriormente e que cumpran os requisitos mencionados neste mesmo apartado**. Terán que renovar na mesma operación a toda a unidade familiar. Este desconto aplicarase directamente sobre os abonos que cumpran as seguintes cláusulas:

- ✚ A **unidade familiar** debe estar composta por un **mínimo de tres persoas**.
- ✚ **Pai e/ou nai en categoría adulto con fillos** que deberán estar en idade correspondente ás categorías **Sub 15 ou Sub 25, ata os 17 anos cumpridos**.

Lembrámosche que a categoría **Menor de 8 queda excluída de calquera desconto e que estes non son acumulables**.



Dúbdas frecuentes

Como e cando podo solicitar o cambio de asento?

Durante o proceso de renovación do teu abono (entre o 10 e o 19 de xuño) poderás solicitar un cambio de asento ou bancada (os cambios faranse entre o 24 e o 27 de xuño).

Esta solicitude será xestionada de maneira individual ou agrupada, segundo como realices a túa renovación:

- ✚ Se renovas o teu abono de forma individual e solicitas un cambio de asento, a xestión realizarase individualmente.
- ✚ Se realizas a renovación de maneira agrupada, ben sexa cun núcleo familiar ou grupo de amizades, a solicitude de cambio considerárase de forma conxunta para os membros do grupo que indiques durante o proceso.

Ata que non selecciones unha nova butaca e confirmes o cambio, **NON PERDES a túa localidade actual.**

Para establecer a prioridade nas solicitudes, terase en conta a media de antigüidade do grupo, ou a antigüidade individual, segundo corresponda en cada caso.

Lembramos aos abonados de Gol cambiados de localización de maneira temporal, que non poderán solicitar cambio de asento.

Cambio de titularidade

O abono pode ser cambiado de titular, é dicir, pasar a nome doutra persoa mantendo a mesma localidade no estadio. O cambio de titular implica a perda de todos os dereitos adquiridos polo titular anterior (número de socio, antigüidade, etc.), conservando unicamente a localidade.

Esta cesión **só poderá facerse a un familiar** e debe cumprir coas seguintes condicións:

- ✚ Só se poderá realizar un cambio de titular por tempada.
- ✚ O carné deberá estar ao corrente de pago e o cambio aplicarase exclusivamente á butaca correspondente.

CONTINÚA NA SEGUINTE PÁXINA



Dúbdas frecuentes

Documentación necesaria:

- ✚ Documento de cambio de titularidade (dispoñible nas oficinas do estadio) asinado tanto polo titular como pola persoa beneficiaria.
- ✚ Documento de identidade orixinal e o abono vixente.
- ✚ En caso de falecemento do titular, será necesario presentar o certificado de defunción.

A data para realizar o cambio de titularidade será desde o **2 de setembro ata o 30 de abril**. O titular actual deberá renovar o seu carné con normalidade antes de realizar o cambio.

Cesión de abonos

Todas as persoas que empregaron o servizo de cesión de abono durante a tempada 24/25 acumularon un saldo que será descontado automaticamente na renovación do abono desta tempada 25/26, segundo os límites e condicións establecidos no Portal do Celtista.

No caso de que o abono sexa cedido e a entrada sexa vendida a un terceiro, os ingresos repartiranse entre o club e o abonado. O abonado recibirá o 40 % do importe da entrada vendida, calculado sobre o prezo final desa entrada. Se a entrada se vende cun desconto (por exemplo, o desconto de celtista, códigos promocionais, etc.), o importe percibido será sobre o prezo promocionado (sen incluír os gastos de xestión).

O saldo acumulado descontarase do prezo do abono da tempada seguinte, non será reembolsable en metálico baixo ningún concepto, e perderase no caso de non renovar o abono.

CONTINÚA NA SEGUINTE PÁXINA



Dúbdas frecuentes

Lembramos ademais que:

- ✚ O aforro acumulado non poderá superar o 50 % do prezo base do abono na tempada na que se cedeu (sen incluír os descontos).
- ✚ Tampouco poderá superar o 50 % do prezo final do abono da seguinte tempada, mesmo se hai cambio de bancada ou categoría.
- ✚ Este 50 % é só sobre a cota base do abono, sen incluír o suplemento.

Novidade

Permuta do asento

O RC Celta permite que dúas persoas abonadas poidan intercambiar entre si as súas localidades no estadio, mantendo cada un o seu número de abonado e os dereitos adquiridos ata o momento.

Para tramitar esta permuta, é necesario acudir ás oficinas do club coa seguinte documentación:

- ✚ **Acordo de ambas partes**, ben presencialmente coa asistencia dos dous titulares, ou ben mediante o documento de permuta facilitado polo club, debidamente cuberto e asinado por aqueles titulares que non poidan acudir persoalmente.
- ✚ **Fotocopia dos DNIs e carnés** de ambos titulares.
- ✚ Ambos abonos deben **estar ao corrente de pago**.
- ✚ Unha vez feita a permuta, os mesmos titulares non poderán realizar unha nova permuta, cambio de titularidade ou cambio de localización ata a tempada seguinte.

A permuta non implica a perda do número de abonado nin da antigüidade ou dereitos asociados ao abono. Simplemente se actualiza a localidade asignada a cada un.



Carné Celtista



Renovación

Por primeira vez, poñemos en marcha o proceso de renovación do Carné Celtista tras o seu lanzamento na pasada tempada. Se xa formas parte da familia celtista con este carné, a túa renovación será automática a través da domiciliación bancaria, seguindo o mesmo calendario de renovación, sempre que non comuniques ao club o contrario antes do 19 de xuño.

Como agasallo, manterás os 10 € de desconto, que poderás empregar nas tendas oficiais do RC Celta ou na compra de entradas para Abanca Balaídos.

- ✓  **Acceso á lista de espera para conseguir un abono**
- ✓  **Número de socio e antigüidade**
- ✓  **Bono Regalo de 10€ en entradas ou produtos oficiais (en liña)***
- ✓  **Desconto do 10% en tendas oficiais do RC Celta****
- ✓  **Desconto en Museo, Experiencias e Tour Abanca Balaídos**
- ✓  **Descontos en Escolas Fundación, Campus e Clínicas**
- ✓  **Acceso ao proceso de compra de entradas para partidos de visitante*****
- ✓  **Prioridade e/ou desconto na compra de entradas*****
- ✓  **Acceso aos partidos do Celta Fortuna******
- ✓  **Acceso aos partidos de As Celtas******
- ✓  **Acceso aos partidos do Celta Femxa Zorka******
- ✓  **Vantaxes de patrocinadores**
- ✗  **Butaca asignada para os partidos do primeiro equipo en Abanca Balaídos**

*Non é acumulable dunha tempada a outra. O uso deste bono é exclusivo para a tempada vixente, en caso de non utilización do mesmo o importe do bono perderase. Non acumulable a outras promocións.

**Agás para produtos en promoción e non acumulable con outros descontos.

***LaLiga, Copa del Rey e Europa League.

****Ata completar capacidade destinada a Carné Celtista.



Carné Celtista



Altas

Se aínda non formas parte activa do RC Celta, esta é a túa oportunidade de unirte. O Carné Celtista é a túa porta de entrada a nosa familia, á historia e ao futuro do noso club.

Podes darte de alta en calquera momento da tempada a través do Portal do Celtista elixindo entre tres modalidades, pensadas para diferentes tipos de afección:

CARNÉ CELTISTA

30 €

Con este carné tes todas as vantaxes do Carné Celtista Abonado, a excepción da butaca en Abanca Balaídos, e pasarás a formar parte da familia celtista esteas onde esteas.

CARNÉ CELTISTA AS CELTAS

50 €

Co Carné Celtista As Celtas, non só gozas de todas as vantaxes do Carné Celtista, senón que tamén te convertes en parte activa deste proxecto, apoiando directamente o crecemento de As Celtas.

Inclúe unha tote bag de As Celtas.

CARNÉ CELTISTA COLABORADOR

80 €

Con este carné gozas dos beneficios exclusivos do Carné Celtista e ademais apoias á Fundación Celta de Vigo no desenvolvemento do deporte e a acción social.

A maiores, as túas achegas contan con importantes vantaxes fiscais, permitindo deducións de ata o 80 % no IRPF e IS.

Todas estas modalidades suman antigüidade, e daranche prioridade na lista de espera para conseguir un abono en Abanca Balaídos, ademais de ofrecer vantaxes exclusivas.

Podes facer a alta directamente desde **celtistas.rccelta.es**



Carné Celtista



FAQS

Se non quero/podo renovar o meu abono a próxima tempada, perderei a miña antigüidade como abonado do RC Celta?

Se te fas co Carné Celtista, a antigüidade que tes como abonado do RC Celta manterase aínda que non teñas butaca no estadio.

Teño o Carné Celtista, cómo podo solicitar un abono en Abanca Balaídos para a próxima tempada?

Podes anotarte na lista de espera dispoñible no Portal do Celtista. Toda a información en **celtistas.rccelta.es**

Podo cambiarme de tipo de Carné Celtista ao longo da tempada?

Se queres cambiar de modalidade de Carné Celtista, tes que poñerte en contacto co club no email de celtistas@rccelta.es

Unha vez comezada a tempada, non se poderán facer cambios na tipoloxía do carné.

Que pasa se non gastei o bono regalo desta tempada?

Se non utilizaches o Bono Regalo da tempada 24/25 no prazo establecido, xa non será válido e non poderás empregalo nin recuperalo. Só estará dispoñible o novo Bono Regalo correspondente á tempada actual.



Carné Celtista



FAQS

Que é o Bono Regalo e como podo utilizalo?

O Bono Regalo é un desconto que se lle entregará a todas as persoas que tramiten o seu Carné Celtista e que poderá empregarse para a compra de entradas en liña para partidos do primeiro equipo en Abanca Balaídos de maneira en liña. Ademais, poderá usarse en shop.rccelta.es para a compra de produtos oficiais.

Se realizas unha compra en liña (entradas ou tenda), selecciona os produtos do teu pedido e, antes de realizar o pago, no resumo da compra, poderás aplicar as promocións que teñas activas. Ao seleccionar o teu Bono Regalo, o importe descontarase automaticamente do total da compra antes de facer o pago.

Poderás descargar o teu Bono Regalo desde o Portal do Celtista.

Cando podo usar o Bono Regalo?


O Bono Regalo da tempada 25/26 poderá utilizarse desde o 1 de agosto de 2025 ao 31 de maio de 2026

Este Bono é de uso único e non se pode dividir en varias operacións nin solicitar o seu reembolso en metálico. Tampouco se poderán acumular varios Bonos Regalo nunha mesma operación. O uso deste Bono é exclusivo para a tempada futbolística vixente e, no caso de non utilizalo, perderase o seu valor.

En que partidos podo facer uso do Bono Regalo na compra de entradas?

En calquera dos partidos de LaLiga, Copa del Rey e Europa League (sempre que o club non comunique o contrario) que dispute como local o primeiro equipo do RC Celta no estadio Abanca Balaídos durante a tempada.

Ademais, poderás escoller a zona do estadio na que gozar do partido, podendo seleccionar unha butaca entre todas as que estean libres nese momento no estadio.



ATENCIÓN AO CELTISTA

Oficina **Área Celtista** de Abanca Balaídos
De luns a venres de 10h a 14h e 16h a 19h

Teléfono:
986 213 230
986 213 234

Email:
abonados@rccelta.es
celtistas@rccelta.es



//ABANCA

